



PROGRAMACIÓN

XERAL

ANUAL

CEIP A DOBLADA

CURSO 2016 - 2017

INDICE

1.	INTRODUCCIÓN	Pax. 1
2.	DATOS XERAIS DO CENTRO	Pax. 2
3.	OBXECTIVOS DO CENTRO	Pax. 5
4.	PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO DIRECTIVO	Pax. 6
5.	MEDIDAS E RECURSOS PARA A SÚA CONSECUCIÓN	Pax. 7
6.	RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA	Pax. 9
7.	HORARIOS E CRITERIOS PARA A SÚA ELABORACIÓN	Pax. 10
8.	CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO	Pax. 11
9.	ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO	Pax. 11
10.	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	Pax. 12
11.	PLAN DE INSTALACIÓNS DO CENTRO	Pax. 13
12.	PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC	Pax. 14
13.	BIBLIOTECA ESCOLAR: ESPAZO DE LECTURA E APRENDIZAXE	Pax.15
14.	DIRECTRICES XERAIS DO EDLG	Pax. 20
15.	PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO	Pax. 22
16.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	Pax. 23
17.	PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA	Pax. 25
18.	PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	Pax. 26
19.	CONCRECION ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	Pax. 33
20.	PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO	Pax. 36
21.	CONCRECIÓNS CURRICULARES	Pax. 36

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo fundamental desta PXA é dar continuidade ás programacións levadas a cabo en cursos anteriores, agora baixo a dirección dun novo Equipo Directivo, indo a maior parte dos obxectivos encamiñados ó mesmo fin dos enunciados no citado documento.

O equipo Directivo, ao igual que en cursos anteriores, ante a falta de candidatos voluntarios para desempeñar este cargo, foi nomeado pola inspección educativa de maneira forzosa.

2. DATOS XERAIS DO CENTRO

❖ ALUMNADO

Este curso o centro pasa a ser catalogado como un centro de 15 unidades, funcionando 14 (clausurada unha unidade de 1º de primaria). Suprimíronse 3 unidades de Educación Infantil.

EDUCACIÓN INFANTIL

GRUPOS	ALUMNADO
4º INFANTIL	13
5º INFANTIL	13
6º INFANTIL	14
TOTAL EDUCACIÓN INFANTIL	40

EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO		ALUMNADO		TOTAL
1º A		21		21
2º A	2ºB	11	13	24
3º A	3º B	15	16	31
4º A	4º B	15	15	30
5º A	5º B	14	15	29
6º A	6º B	19	19	38
TOTAL ALUMNADO DE PRIMARIA				173
TOTAL ALUMNADO DO CENTRO				213

❖ PROFESORADO

GRUPOS	TITORES
4º INFANTIL	María del Carmen Vence Vence
5º INFANTIL	María de Carmen Nespereira Cabaleiro
6º INFANTIL	Rosa Margarita González Fernández
1º A PRIMARIA	Mª Victoia Fernández Rodríguez
2º A PRIMARIA	Estrella Pérez Domínguez
2º B PRIMARIA	Laura Pérez Durán
3º A PRIMARIA	María José Lago Rial
3º B PRIMARIA	María José Goñi Fortes
4º A PRIMARIA	María Luisa García Bugarín
4º B PRIMARIA	Olga Miguel Díaz
5º A PRIMARIA	Manuel Campos Durán
5º B PRIMARIA	María Belén Hermoso González
6º A PRIMARIA	Felisa Cadavid Grande
6º B PRIMARIA	Dolores López Durán

ESPECIALIDADES	PROFESORADO
INGLÉS	Beatriz Vázquez Pérez Ana Laura Fernández Maceira
EDUCACIÓN FÍSICA	Ana Lamas Pérez Ramón Troncoso Sobrino
EDUCACIÓN MUSICAL	Lucía Salgado Sabariz
RELIXIÓN	Manuel Tejedor Lorenzo
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Eva Pazó González
AUDICIÓN E LINGUAXE	Tamara Pereira Vigide
ORIENTACIÓN	María Vila Barros
APOIO INFANTIL	María Rosa del Río Lamela

EQUIPO DIRECTIVO	NOME
DIRECCIÓN	María Rosa del Río Lamela
XEFATURA DE ESTUDOS	Manuel Tejedor Lorenzo
SECRETARÍA	Beatriz Vázquez Pérez

PERSOAL NON DOCENTE	NOME
SUBALTERNO	Manuel Vallejo Ricón

3. OBXECTIVOS DO CENTRO

- Potenciar o desenvolvemento pleno da personalidade do alumnado.
- Levar a cabo unha educación non discriminatoria, orientada á igualdade, á tolerancia, ao respecto e solidariedade de todas as persoas, independentemente das súas circunstancias persoais (relixión, cultura, nacionalidade, etnia, sexo, minusvalía,...).
- Promover o desenvolvemento e integración das TIC no ámbito educativo.
- Crear un bo ambiente de convivencia entre toda a comunidade educativa mediante o cumprimento das normas do Centro, a colaboración, o diálogo e o traballo en equipo.
- Adquirir hábitos e técnicas de traballo.
- Fomentar o correcto uso e coidado do material e as instalacións do centro.
- Implicar ás familias de forma activa e participativa na educación dos seus fillos.
- Establecer unha boa e axeitada colaboración entre o centro, a ANPA e o Concello.
- Potenciar na práctica docente unha educación personalizada cunha maior atención á diversidade do alumnado (*minorías étnicas, estranxeiros, NEE*).
- Prestar atención a cada escolar tendo en conta as súas peculiaridades e diferenzas.
- Fomentar o uso da lingua galega.

- Potenciar o uso da biblioteca do centro e fomentar o gusto pola lectura.
- Prestar atención especial ao desenvolvemento das técnicas de estudo e lectura á mellora da comprensión e expresión, así como da escritura e o cálculo.

4. PLAN DE TRABAJO DO EQUIPO DIRECTIVO

O plan de traballo do equipo directivo para o presente curso recolle os seguintes obxectivos:

❖ ALUMNADO:

- Acadar unha boa convivencia e respecto das normas do Centro.
- Contribuír á mellora do rendemento académico.
- Mellorar a participación en tódalas actividades que se leven a cabo durante o curso.

❖ PROFESORADO:

- Potenciar a coordinación e a colaboración entre o profesorado.
- Optimizar os recursos persoais e os tempos.
- Promover a participación e implicación na xestión do Centro.
- Favorecer a creación dun bó ambiente de traballo.

❖ FAMILIAS:

- Fomentar a colaboración da familia na educación dos discentes.
- Promover e enriquecer as relacións entre a familia e a escola.
- Mellorar a súa participación nas actividades que se promovan desde a escola.
- Animar a colaborar e participar coa ANPA nas actividades que esta desenvolva.

❖ CENTRO E INSTALACIÓNS:

- Optimizar os recursos materiais existentes.

- Levar a cabo os labores de mantemento que sexan necesarios para que o Centro esté nas mellores condicións de habitabilidade e funcionamento.
- Solicitar ás institucións aquelas melloras en canto a dotación de mobiliario, equipos e instalacións, así como as reformas que se fagan necesarias no Centro.
- Revisar e actualizar os documentos do Centro.
- Difundir entre a comunidade educativa as informacións que nos achegan os diferentes organismos e institucións.
- Realizar un simulacro anual de evacuación do centro.
- Manter en funcionamento e actualizada a páxina web do Centro.

5. MEDIDAS E RECURSOS PARA A SÚA CONSECUCCIÓN

❖ ALUMNADO

Contribuirase á mellora do rendemento académico distribuindo os recursos persoais onde consideramos máis necesario, tanto coa dispoñibilidade horaria dos titores e especialistas como co profesorado de apoio de PT e de AL.

O centro participa nun Proxecto de Mediación Social da Cruz Vermella , no Programa de colaboración co Secretariado Xitano e no Programa Profancia.

❖ PROFESORADO:

- Para optimizar os recursos persoais e os tempos:
 - Organizar os horarios atendendo ó maior número de criterios posible, especialmente en canto á atención do alumnado e grupos con maiores necesidades de apoios e reforzos.
 - Convocar reunións informativas semanais con todo o claustro os martes, mantendo a mesma distribución das reunións e a súa perioricidade. Procurarase no posible de axustar estas reunións ó horario programado.

❖ FAMILIAS:

- Para enriquecer as relacións familia – escola organizar actividades que impliquen que familias e alumnado pasen tempo xuntos e se reflicta nas diversas exposicións dos seus traballos. Por exemplo a exposición das cabazas no Samaín, a decoración de Nadal, e outras actividades que poidan ir xurdindo.
- Colaborar coa ANPA e traballar de forma conxunta de cara á consecución dun obxectivo común que é o mellor funcionamento do Centro e o seu día a día.
- O establecemento das actividades extraescolares organizadas pola ANPA do Centro axustaranse ao horario de permanencia e atención do profesorado no mesmo, e para a participación de ex alumnos seguirase o procedemento disposto no artigo 9 da Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

❖ CENTRO E INSTALACIÓNS:

- Para optimizar os recursos materiais existentes, distribuímos unha parte do presuposto económico por titor ou especialista e trimestre (como en cursos anteriores). Deste xeito pódense atender mellor e máis rápido as necesidades e demandas.
- Solicitar no mes de outubro, a través da Inspección Educativa, a petición de material, que os diferentes membros do Claustro considere necesario.
- Solicitar melloras e reformas necesarias aos distintos organismos públicos dos que dependemos: Concello e Xefatura Territorial:
 - Insistir nalgunhas peticións feitas ao concello en cursos anteriores como a plantación de dúas árbores ornamentais para dar sombra no patio de infantil e a dotación de area para o mesmo.
 - Solicitar terra e material para crear un horto escolar.
 - Solicitar a adaptación de servizos e mobiliario para facilitar a accesibilidade de todo o alumnado.

- Pedir a retirada do cartel metálico que está anclado na verxa do patio.
- Solicitar a retirada dos contenedores situados na verxa do colexio e o lixo que periódicamente se deixa na zona de acceso ao centro.
- Mellorar o problema do lixo no patio. Facer unha campaña de sensibilización entre o alumnado e as familias para tratar de reducir a cantidade de lixo que xeran as merendas. Tapar os contedores para que as gaiotas non collan os restos das merendas e deixen os desperdicios no chan.
- ❖ En función do presuposto dispoñible, afrontar algunhas reformas e melloras:
 - Pintar aulas, corredores e outros espazos do centro, comezando pola planta baixa.
 - Reparar os teitos das aulas máis deteriorados.
 - Colocar estores nas ventás das aulas e espazos (sala de profesorado, dirección e biblioteca) para evitar o problema da calor e facer os espazos máis acolledores.

6. RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA

- Reunión xeral de benvinda ó comezo de curso e xuntanza por titorías.
- Circulares informativas ao longo do curso escolar.
- Atención a familias os martes de 16:00 horas a 18:00 horas, preferentemente 2º, 3º e 4º de cada mes.
- Incrementar a participación das familias nas conmemoracións e datas especiais.
- Facilitar a comunicación coas familias a través da ANPA, da páxina web do Centro e do correo electrónico.

7. HORARIOS E CRITERIOS PARA A SÚA ELABORACIÓN

❖ XORNADA ESCOLAR

O centro ten xornada continua de mañá.

O horario de actividades docentes é de 9:00 a 14:00 h.

A xornada escolar distribúese en 5 sesións lectivas de 55 minutos e 1 recreo de 11:00 a 11:30 (Infantil) e de 11:45 a 12:15 (Primaria)

❖ CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA A ELABORACIÓN DOS HORARIOS

Os horarios constan de 25 horas lectivas semanais, incluídos os períodos destinados a recreos, e se elaboran tendo en conta os seguintes criterios:

- O profesorado debe completar as 25 horas lectivas.
- Nos casos dos mestres que non cubran o horario da súa especialidade, completaranse coas seguintes actividades: gardas, reforzo educativo, atención ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas e atención á diversidade.
- Para optimizar e rentabilizar os recursos persoais, os mestres responsables dos equipos dispoñen de tempo para coordinar as tarefas propias deses equipos.
- No segundo ciclo de E. Infantil, dado o seu carácter globalizador e integrador do modelo curricular, o horario de cada aula contempla de forma flexible a sucesión de actividades que se realizan nela nos distintos días da semana. Estas sesións veñen especificadas no horario como "Globalizado". Ademais, nestes horarios de infantil, contempláronse unha sesión de E. Musical, outra de Psicomotricidade e dúas sesións de 25 minutos aprox. de inglés.
- Tal como establece a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil o tempo de recreo será de trinta minutos. No noso centro queda fixado de 11:00 a 11:30. Ademais deste recreo prográmase nos horarios de Infantil un tempo de lecer con actividades de xogos dirixidos, que se poderán realizar en diferentes espazos (aula, patio, sala de usos múltiples, ...).
- O horario non lectivo distribúese en: atención a familias e reunións de coordinacións e dinamizacións.

❖ HORARIOS DE CURSOS E PROFESORADO

*Recollidos no Documento de Organización do Centro.

❖ HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

SECRETARÍA	De luns a venres de 9:00 horas a 10:00 horas de 13:00 horas a 14:00 horas
TITORÍAS	Martes de 16:00 horas a 17:00 horas *Previa cita aos titores

8. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO

Tendo en conta que un dos obxectivos mencionados ó principio destas páxinas é a revisión e actualización dos documentos do Centro, dedicaremos sesións de CCP e do Equipo Directivo á consecución de dito obxectivo.

9. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.

- Atención do Departamento de Orientación, coa Orientadora e o apoio específico da mestra de PT e a mestra de AL.
- O resto do profesorado dedica ata dúas horas a reforzar e apoiar as aulas de Primaria.
- *O grupo de 1º de primaria, cuxa aula está situada no 1º andar, entran e saen pola porta principal. Dadas as características do grupo, con dous alumnos con certa dificultade na súa mobilidade e, como medida preventiva de posibles caídas e accidentes, entran de últimos, despois dos grupos que suben pola porta A e saen da aula ás 13:55 horas, para evitar, no posible a aglomeración co resto de alumnado e esperan na planta principal o toque do timbre para a saída. Estas medidas tamén se adoptarán na hora de recreo: baixan 5 minutos antes de tocar o timbre de recreo e suben os últimos. Durante o recreo de primaria o profesorado de garda turnarase para vixiar a estos alumnos, sen deixar de atender ao resto de alumnos.

10. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

❖ AULA MATINAL

Aberta de 8:00 h. a 9: 00 h. de luns a venres e ampliable ás 7:30 se así fora requerido.

É un servizo xestionado pola ANPA coa intención de conciliar os horarios laborais e o horario do centro das familias que o precisen.

❖ COMEDOR ESCOLAR

O servizo de comedor pode atender ata un máximo de 150 comensais. Organízase en dúas quendas de ata 75 usuarios. Este curso o nº de prazas é de 139 despois de que comedores escolares cedera 11 prazas a outro centro.

O comedor funciona coa modalidade de xestión indirecta da Consellería e está servido pola empresa de catering “Sala Gradín” da Estrada.

A dirección e supervisión do servizo de comedor corre a cargo da Dirección do Centro. A Directora poderá delegar a presenza física de forma voluntaria de un membro do Claustro durante o horario de comedor, como establecen as instrucións 2/2015 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 1 de xuño sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta para o presente curso escolar.

❖ TRANSPORTE

Contamos cunha liña de transporte escolar gratuíta que atende ata un máximo de 50 alumnos e que é xestionado pola Consellería de Educación.

A ruta (Asociación de veciños do Calvario-Telepizza) fai as seguintes paradas:

	PARADAS	RECOLLIDA	CHEGADA
1	TRAVESÍA DE VIGO/ TELEPIZZA	8:40	14:10
2	TRAVESÍA DE VIGO/ COLEXIO SAN FERMÍN	8:43	14:13
3	TRAVESÍA DE VIGO/ GARDERIA	8:44	14:14
4	RÚA ARAGÓN/ CAFETERIA COVAS	8:45	14:15
5	AAVV CALVARIO	8:50	14:20

11. PLAN DE INSTALACIÓNS DO CENTRO

O centro dispón das instalacións que eran necesarias no momento da súa construción. Sufriu algunha remodelación para adaptarse ás necesidades que foron xurdindo. No momento actual atopámonos cunha serie de necesidades que detallamos a continuación:

❖ XIMNASIO E AULA DE PSICOMOTRICIDADE

O ximnasio ten unhas dimensións reducidas e as condicións acústicas son desaconsellables para a práctica docente. A aula de psicomotricidade, non ten espazo

suficiente para levar a cabo adecuadamente as actividades que nela se desenvolven. Estes espazos son compartidos polos dous mestres especialistas de EF.

❖ AULA DE USOS MÚLTIPLES

Utilízase para actividades propias do Centro como actividades teatrais, celebracións, conmemoracións e festas. Tamén para diversas Actividades Complementarias e Extraescolares.

Ten pouco aforo pois polo que dificulta que se poidan levar a cabo actividades nas que se invitaría a tódalas familias.

Según as posibilidades orzamentarias deste curso procuraremos mellorar este espazo. Precisa ser pintada, especialmente a zona do escenario.

❖ AULA DE MÚSICA

A situación da aula de música non é axeitada pola falta de insonorización posto que as dinámicas desta materia interfieren coas necesidades do alumnado das aulas contiguas.

❖ AULA ATENCIÓN EDUCATIVA / RELIXIÓN CATÓLICA

Este curso escolar dispoñemos de aula específica para a realización da actividade de Relixión ao quedar baleira unha aula máis de infantil no primeiro andar. Precísase un mobiliario axeitado para dotar a mesma que xa se solicitou á Consellería a comezos de curso.

❖ COMEDOR

O comedor está situado no primeiro andar, contiguo á aula de música. A situación do comedor pegado a aulas e no primeiro andar dificulta a súa óptima organización, tanto para a mobilización do alumnado (especialmente o de infantil) como do transporte da comida.

❖ SALA DE PROFESORADO

A sala de profesorado é algo pequena para o mobiliario que ten (as mesas ocupan casi todo o espazo). Esta falta de espazo nótase, sobre todo, nas reunións do claustro.

❖ OFICINA DA ANPA

Os compoñentes da ANPA realizan as súas tarefas nun espazo pequeno. Habiéndose habilitado hai anos para tal fin entre as dúas portas principais de entrada ao Centro.

12. PLAN DE EMPREGO TIC

O equipo de TIC e Abalar ten como obxectivos fundamentais os seguintes:

- Traballar para a actualización e o mantemento dos equipos tecnolóxicos nun estado de funcionamento óptimo para o seu uso na práctica diaria educativa.
- Promover e fomentar entre o profesorado e o propio alumnado o uso das TIC de maneira cotiá en tódalas áreas curriculares.
- Utilizar e aproveitar ao máximo as posibilidades do equipamento ABALAR, na maior parte das áreas curriculares.
- Seguir en constante actualización e renovación do equipamento TIC e seguir cubrindo necesidades que poidan detectarse ao longo do curso.

13. “BIBLIOTECA ESCOLAR: ESPAZO DE LECTURA E APRENDIZAXE”

❖ ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA DA BIBLIOTECA NESTE CURSO ESCOLAR:

A coordinación é asumida por Dolores López, con catro sesións semanais destinadas ás labores de biblioteca. O profesorado que forma parte do Equipo de Biblioteca non conta con dispoñibilidade horaria para colaborar na xestión e organización.

Somos conscientes do gran esforzo, coordinación e dedicación que supón a dinamización dunha biblioteca escolar.

Tentarase aportar experiencias e propostas atractivas que impliquen unha maior presenza da biblioteca no centro como recurso de aprendizaxe, formación e lecer, fomentando en todo momento a participación da comunidade educativa.

❖ OBXECTIVOS XERAIS

- Dotar aos alumnos das capacidades básicas para usar de forma autónoma a diversidade de recursos e servizos que ofrece a biblioteca.
- Fomentar no alumnado o interese pola lectura como actividade de ocio e disfrute, desenvolvendo o seu hábito lector.
- Ofrecer oportunidades ao alumnado de buscar información para adquirir coñecementos, comprendelos e saber transmitilos coa autonomía propia do seu nivel e das súas capacidades(formación de usuarios/as).
- Organizar actividades que axuden a integrar ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Desenvolver no alumnado a competencia informacional e a capacidade de observación, reflexión, análise crítica, investigación e creación a partir das propostas que se fagan dende a biblioteca. .
- Promover a lectura , así como tamén os recursos e os servizos da biblioteca escolar.
- Fomentar a curiosidade por coñecer mundo que nos rodea a través da lectura.
- Saber cómo comportarse nunha biblioteca.

- Fomentar o coidado e respecto polos libros.
- Motivar e formar ao profesorado.
- Realizar actividades que impliquen ao alumnado no funcionamento e uso da biblioteca.
- Colaborar na elaboración dos itinerarios lectores dos diferentes niveis educativos.
- Promocionar a lectura nos seus diferentes soportes.
- Manter o blogue "www.ratoeiradoscontos.com" como medio para difundir as actividades e recursos da biblioteca.

❖ **DINAMIZACIÓN E HORARIO TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

Haberá unha persoa responsable da biblioteca e 5 integrantes do equipo de biblioteca. A coordinadora terá catro horas asignadas para o labor de xestión e dinamización.

❖ **HORARIO**

A biblioteca estará aberta as 25 horas lectivas, de luns a venres de 9.00 a 14.00 h. Cada titoría terá unha hora dispoñible á semana. Como hai 14 unidades, contamos cun máximo de 1 hora por clase acompañada do seu titor/a. Establecerase un horario.

❖ **LIÑAS DE ACTUACIÓN**

1. **XESTIÓN TÉCNICA** - Eidos prioritarios de traballo:

- Actualizar a base de datos dos usuarios/as (tanto do profesorado coma do alumnado) e os carnés de usuario/a.
- Continuar coa adquisición de fondos en distintos formatos e soportes, atendendo ás suxestións dos diferentes niveis, para manter unha biblioteca actualizada e de calidade.
- Establecer un horario para o uso da biblioteca.
- Insistir na importancia de centralizar na biblioteca os fondos que aínda se manteñen nas aulas: mapas, dicionarios, libros e cds.
- Facer unha pequena revisión dos fondos para un posible expurgo de libros desfasados, moi deteriorados ou pouco axeitados ás idades e

necesidades do noso alumnado, que puideran quedar aínda despois do intenso expurgo levado a cabo estes últimos anos.

- Continuar coa catalogación informatizada no programa MEIGA dos fondos existentes e dos novos exemplares que se vaian adquirindo este curso, sen esquecer os fondos non bibliográficos e multimedia como vídeos, cd-rom de música, DVD, cartográficos, evitando así a súa dispersión.
- Promocionar os libros do fondo documental para que o alumnado teña un coñecemento máis profundo e unha maior autonomía no manexo da sección de libros de consulta mediante sinxelas estratexias de investigación documental.
- Manter o blogue da biblioteca, na medida do posible, como medio de difusión das actividades da biblioteca.
- Confeccionar guías de usuarios/as de biblioteca ou boletíns onde se recollan normas, novas, recomendacións de libros e información sobre o uso da biblioteca.
- Manter o servizo de empréstitos da biblioteca. Terán que facelo os titores/as, baixando co alumnado á biblioteca no horario acordado ou tomando prestado un lote de libros por un tempo para a biblioteca de aula.

2. DINAMIZACIÓN- Eidos prioritarios de traballo:

❖ *FORMACIÓN DE USUARIOS/AS.*

Mediante o deseño de actividades que faciliten a toma de contacto coa biblioteca, os servizos que ofrece, as seccións, o coñecemento da CDU simplificada, o etiquetado, os libros (partes, impresión, ilustrador, escritor, editorial...), a procura de rexistros no ordenador e nos andeis da biblioteca. Utilizar a CDU para localizar libros, por medio de cuestionarios, adiviñas, pistas...

Os alumnos de 5º e 6º de primaria poderían aprender a facer o préstamo informático para involucralos un pouco na xestión.

❖ *EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (EDUCACIÓN DOCUMENTAL)*

Outra das actividades de dinamización e que constitúe un dos obxectivos da biblioteca é a adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á

información e o seu tratamento. Cómpre considerar neste apartado a lectura para aprender, para facer un resumo, para buscar un dato, para resolver un problema, para elaborar un traballo ...

❖ *PROXECTO LECTOR DE CENTRO.*

Xa co Proxecto Lector implantado, estableceremos canles de comunicación e colaboración cos diferentes niveis para realizar axustes e modificacións, facendo especial fincapé no asesoramento.

Por outra banda, a proposta que dende a biblioteca levamos facendo de realizar a “hora de ler” conxuntamente (15 minutos de lectura ao mesmo tempo en todas as aulas despois do recreo) segue sen poder realizarse por atrancos cos horarios do profesorado, así que cada titoría a organizará libremente na sesión que máis lle conveña.

❖ *FOMENTO DA LECTURA.*

Tentaremos retomar o contacto coa Biblioteca Pública “Xosé Neira Vilas” do noso barrio para traballar conxuntamente en diferentes propostas aínda por determinar.

Tamén será posible empregar ás “Mochilas Viaxeiras”. Os titores/as que queiran empregarlas seleccionarán os libros que consideren oportunos para o seu nivel.

Asimesmo, a Biblioteca difundirá todas as celebracións vencelladas ao mundo do libro.

Elaboración de recomendacións de lectura para Infantil e Primaria e elaboración de guías de lectura temáticas.

Realización de encontros con autores/as e ilustradores/as e contacontos.

Co fin de achegar a lectura ao tempo de lecer, propoñemos a “Bibliopatio”, que consistirá en habilitar un espazo lector no que estarán disposición do alumnado libros dos que podrán disfrutar no recreo.

O profesorado encargado do Bibliopatio será o seguinte:

Martes: Dolores López Durán

Xoves: Tamara Pereira Vigide y Belén Hermoso González.

❖ AVALIACIÓN

- **Avaliación inicial** tendo en conta a memoria da biblioteca do curso 2015-2016.
- **Avaliación continua** baseada na observación directa, no grao de participación da comunidade educativa, nas suxestións recollidas a través da coordinadora de infantil e dos titores de primaria.
- **Avaliación trimestral:** O Equipo de Biblioteca, ademais de reunirse quincenal ou mensualmente, segundo as necesidades, terá unha reunión trimestral para analizar o grao de consecución dos obxectivos e idoneidade das nosas actuacións, así como aqueles aspectos que debamos mellorar ou modificar no deseño de estratexias para o fomento da lectura, formación de usuarios, educación documental e dinamización da biblioteca.
- **Avaliación final para a Memoria do Proxecto.** Valoración das avaliacións inicial e trimestrais do grao de consecución dos obxectivos, puntos deficitarios, a adecuación das actividades aos niveis de desenvolvemento do alumnado e os recursos espaciais, temporais, materiais e humanos dispoñibles.

14. DIRECTRICES XERAIS DO EDLG

A. COMPOÑENTES

Ana Lamas Pérez– **Coordinadora do Equipo**

Eva Pazó González

María Vila Barros

Laura Fernández Maceira

Lucía Salgado Sabariz

María José Goñi Fortes

B. LIÑAS DE TRABALLO E OBXECTIVOS A DESENVOLVER DURANTE O CURSO

- O tema sobre o que imos traballar é o escritor Carlos Casares Mouriño, a quen se lle dedica este ano o día das Letras Galegas..
- Imos buscar espazos e tempos fóra da aula para promover actividades de carácter lúdico nas que se use o galego como lingua vehicular, aproveitando para isto conmemoracións e festas, como por exemplo o Samaín, o Magosto, o Día das Letras Galegas...
- No Magosto realizarase un circuíto de xogos populares (que serán traballados dende o área de Educación Física), un flash move... e traballaranse os xogos e tradicións típicas de Galicia, o uso do galego...
- Ler textos asociados coa temática para memorizar, ilustrar e xogar.
- Desenvolver as catro destrezas da lingua: a escoita, a fala, a lectura e a escrita, dándolle prioridade ás dúas primeiras por seren as menos desenvolvidas.
- Implicaremos ao alumnado, ao profesorado e ás familias responsabilizándoos como auténticos axentes da conservación da nosa lingua.
- Celebrar o día da poesía e o do teatro.
- Promover actividades para o mes das Letras Galegas. Volver a editar Ronsel para o mes de maio.
- Solicitaremos as actividades que organiza á Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e as propostas de actividades da

Coordinadora de Equipos de Dinamización e Normalización Lingüística de Galicia.

- Nos recreos realizaremos unha actividade chamada **“A patrulla galega”**, na que tres alumnos/as de primaria irán vestidos de policías e patrullarán no patio promovendo o uso do galego e fomentando hábitos cívicos como non tirar papeis no patio, recoller as sudaderas que queden esquecidas, traballar a reciclaxe, a resolución de conflitos ...
- Participar e colaborar en actividades promovidas por organizacións, centros ou entidades culturais, asociativas e con incidencia no ámbito escolar.
- Establecer fórmulas de interacción coas familias para aumentar o coñecemento e o emprego do galego, así como para mellorar a súa valoración social e o aproveitamento do saber popular que a xente coñece.
- Potenciar o uso da lingua galega por parte da comunidade escolar .
- Aumentar o emprego do galego dentro do contexto escolar.
- Priorizar a dimensión comunicativa e a oralidade no ensino en galego, é moi importante que falen aínda que se cometan erros.
- Coñecer, valorar, divulgar e defender diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.
- Fomentar a extensión e diversidade dos usos sociais da lingua e desactivar prexuízos lingüísticos fronte ao galego.
- Ampliar os usos lingüísticos orais cos demais membros da comunidade educativa.
- Potenciar o uso do galego en espazos de lecer e como vehículo de comunicación nas situación cotiás.
- Sensibilizar ao alumnado da importancia da defensa da lingua participando en actividades colectivas e lúdicas.
- Dar a coñecer a cultura galega: espazos e produtos culturais galegos (música, literatura, cinema...)
- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma galego.

- Integrar as TIC no tratamento dos contidos curriculares e das actividades escolares empregando como lingua vehicular a nosa lingua.
- Aumentar o uso do galego como lingua vehicular en momentos de lecer, coma no recreo, a través da patrulla galega.
- Coñecer e valorar os diferentes aspectos do noso patrimonio cultural.
- Seguir celebrando todos os festivais, conmemoracións, actividades das dinamizacións... tendo o galego como lingua vehicular.
- Favorecer o achegamento ao idioma galego aos alumnos/as inmigrantes ou fillos/as de inmigrantes con descoñecemento ou pouco dominio do galego.

15. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

1. CAIXAS DE URXENCIA SANITARIA.

Dúas están localizadas na planta baixa, en Secretaría e no corredor; e unha no ximnasio. Cóntase ademais cun botiquín portátil para levar nos desprazamentos que realizamos co alumnado nas Actividades Complementarias ou Extraescolares.

En caso de accidente dun escolar, o titor/a chama a familia para que se faga cargo do accidentado; en caso de non poder localizala chama, previa información a un membro do Equipo Directivo, a unha ambulancia e acompañarao ó Centro Sanitario do Sergas para que sexa atendido.

2. PLAN DE EVACUACIÓN.

Contamos desde o curso 2008/9 cun Plan de Autoprotección. Este curso levarase a cabo un simulacro de evacuación no terceiro trimestre.

3. CONTROL DE PERSOAS ALLEAS AO CENTRO.

A comunidade educativa está informada de que agás o profesorado, o alumnado e o persoal traballador do centro, ninguén pode acceder aos espazos didácticos e pedagóxicos, incluídos os corredores, durante as horas de clase, sen a debida autorización.

4 .PROTECCIÓN DO ALUMNADO.

O alumnado só poderá abandonar o Centro en horario escolar co permiso da Dirección, ou persoa en quen delegue, e sempre que se faga cargo a familia ou persoas debidamente autorizadas.

En Secretaría lévase un Rexistro das entradas e saídas do alumnado en horario lectivo.

5. SISTEMA DE SEGURIDADE DOS QUE DISPÓN O CENTRO.

Os sistemas de seguridade con que se conta son: Valos protectores, dispositivos de alarma, extintores e indicadores luminosos. En caso de roubos ou estragos no interior do recinto escolar, porase a correspondente denuncia na Comisaría de Policía e enviarase unha copia desta a Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

❖ COMPOÑENTES

- Carmen Nespereira Cabaleiro: Coordinadora
- Felisa Cadavid Grande
- Manuel Campos Durán
- María Luisa García Bugarín
- Rosa Margarita González Fernández
- María José Lago Rial

❖ OBXECTIVOS

- Colaborar cos distintos equipos na organización de actividades para cada unha das conmemoracións. Ofrecer e recoller propostas.
- Reunirse e informar das propostas do profesorado e colaborar coa A.N.P.A. na organización destas conmemoracións.

- Informar ás distintas etapas e niveis educativos das propostas de saídas, concursos e certames que reciba o Centro.
- Colaborar cos distintos niveis na busca de información e na organización das saídas escolares, excursións e visitas propostas, programando obxectivos, responsables, datas, presupostos e forma de participación do alumnado.

❖ SAÍDAS PREVISTAS DURANTE O CURSO

No momento da redacción desta PXA as saídas programadas e confirmadas para a súa realización no presente curso escolar son as seguintes:

➤ Educación INFANTIL

- Teatro Afundación: Osiño ; Gatuxo.

➤ 1º / 2º Nivel de Primaria

Teatro Afundación: Paxaro Amigo, Músicas para a Paz.

➤ 3º / 4º Nivel de Primaria

- Teatro Afundación: Sandra e Meiro! en Xistralia.

➤ 5º / 6º Nivel de Primaria

- Teatro Afundación: De las Cuentas a los Cuentos.
- Taller de Educación Viaria.
- Visita aos museos da Coruña.
- Música coa Escola: " Migrasons"

Están neste momento outras saídas pendentes da súa aprobación e solicitaranse outras en función da oferta cultural que xurda ao longo do curso. Trataremos de ofertar o mesmo número de saídas para cada grupo (unha saída en cada trimestre como mínimo) e que dentro do posible sexan de oferta gratuíta para o alumnado. As saídas didácticas son organizadas pola mestra coordinadora coa colaboración do equipo de Actividades Complementarias, do Profesorado Titor e o Equipo Directivo.

Na organización destas actividades complementarias teremos en conta o Artigo 69º, do Capítulo IV, do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG. Do 21/10/96):
“Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así se poden considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes”.
 De xurdiren algunhas outras saídas non especificadas neste plan aplicarase o artigo 3.1 do capítulo IX da orde do 22 de xullo do 1997 (D.O.G. do 2/9/97).
 As saídas didácticas que o precisen se realizarán contando coa subvención da ANPA e das familias.

17. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

As actividades Extraescolares programadas para este curso escolar son as seguintes:

Día	Actividade	Horario
Luns	Teatro	De 16:00 a 17:30 horas
Martes	Inglés	De 16:00 a 17:30 horas
	Loita Olímpica	De 16:00 a 17:30 horas
Mércores	Baile moderno	De 16:00 a 17:30 horas
Xoves	Pintura	De 16:00 a 17:30 horas
	Loita Olímpica	
Venres	Multideporte	De 16:00 a 17:00 horas

- FESTAS

No centro se celebrarán O Magosto, Nadal, Entroido e Fin de curso (22 de xuño de 2015 de 16:00 a 20:00 horas).

A ANPA colabora na financiación de parte do custo do autobús (só para os socios) nas actividades que éstos realicen durante o curso escolar; concretamente, abonará o importe da metade do autobús para os socios na

excursión que o alumnado de 6º de Primaria ten programada facer aos Museos da Coruña.

- ORGANIZACIÓN DA EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO DO ALUMNADO DE 6º DE E.PRIMARIA.

Campamento Xesteira a finais de xuño unha vez rematado o curso.

- AULA MATINAL

AANPA xestiona o funcionamento da aula matinal neste curso escolar en horario de 08:00 horas a 09:00 horas.

18. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

❖ CONTEXTO

O máis salientable é que:

- 📖 O noso centro ten unha porcentaxe alta de alumnado con necesidade específica de apoio educativo: A principio de curso están incluídos 45 alumnos/as nos horarios de apoio de PT e/ou AL (22% do alumnado do centro), sen contar a outros alumnos/as que reciben reforzo dos titores, profesores de área e profesores con garda de reforzo.
- 📖 Contamos cun número elevado de alumnado inmigrante. Sumando os de nacionalidade non española e os de pai e/ou nai nados no estranxeiro da un total de 78 alumnos que supoñen o 37% do alumnado total do centro (213). De minorías étnicas contamos cun total de 14 alumnos/as.
- 📖 A cifra total de alumnado do centro está diminuíndo progresivamente. Este curso en 4º , 5º e de Ed. Infantil e en 1º de Ed. Primaria só temos un grupo por cada nivel. Estamos pasando a liña 1.

A problemática máis frecuente é:

- 📖 A derivada de circunstancias sociais e familiares que repercuten na motivación, nas actitudes, na conducta e no nivel de rendemento do alumnado.

- ☞ Baixo nivel de competencia curricular. Temos 9 alumnos/as que están repetindo curso e 25 que promocionaron con algunha/s áreas suspensas.
- ☞ Dificultades de atención. No momento actual temos 5 alumnos/as con diagnóstico de TDA-H, pero son máis os que presentan dificultades de atención por causas diversas.

Está previsto plantexar a realización de 8 adaptacións curriculares.
- ☞ Descoñecemento da lingua ou das linguas en alumnado procedente do estranxeiro ou doutras comunidades.
- ☞ Dificultades na linguaxe oral. As máis numerosa son as de articulación, afectan a 18 alumnos/as.
- ☞ Dificultades de lectura e escritura: Acusadas en 7 casos.
- ☞ Nivel baixo de comprensión lectora. Nas probas ACL aplicadas o curso pasado un 31% do alumnado obtivo resultados por debaixo do decatipo 5.

❖ **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Mentres non saían disposicións oficiais que actualicen a composición, constitúese de xeito provisional cos seguintes membros:

Profesora de Pedagogía Terapéutica: Eva Pazó González

Profesora de Audición e Linguaxe..... Tamara Pereira Vigide

Xefa do departamento: María Vila Barros

❖ **OBXECTIVOS**

Os recollidos no Plan de Orientación Xeral.

Priorizaranse:

- En relación co alumnado:
 - Promover a convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- En relación co centro:
 - Colaborar na planificación da organización educativa.
- En relación co profesorado:
 - Asesorar no establecemento de medidas de reforzo educativo e na elaboración de adaptacións curriculares. Incidir na elaboración dos plans personalizados de reforzo para alumnado repetidor.

- Continuar coa incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, e promover actividades de aprendizaxe cooperativa.
 - Colaborar na elección de material complementario para alumnado con desfase curricular.
- En relación coa comunidade:
- Orientar ás familias e promover a súa implicación na educación dos fillos-as.
 - Facilitar información sobre actividades formativas en horario de tarde (Cruz Vermella, Cáritas, Proinfancia).
 - Coordinar con organismos, asociacións e gabinetes a fin de aunar esforzos.

❖ **PRINCIPIOS E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:**

Priorizarase a colaboración entre os axentes implicados: familia, profesorado, alumnado, e nalgúns casos outros servizos.

Intentarase que a avaliación continua vaia unida á intervención, para poder traballar na zona de desenvolvemento próximo do neno/a.

Tratarase de lograr que na práctica diaria se programen actividades sobre un mesmo contido con diferentes grados de dificultade.

Incidirase na aplicación das recomendacións recollidas nos protocolos de TDA-H pois benefician ao alumnado en xeral, non só aos que teñen o diagnóstico.

**Na concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) figuran as medidas para detección e intervención.

Entre os programas preventivos están:

- Os talleres de linguaxe oral (ED. Infantil).
- O fomento da comprensión lectora.
- O programa de Acollida,
- Programas de Mellora da Convivencia: Habilidades Sociais e Aprendizaxe cooperativa.

❖ PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

Educación Infantil :

ACTIVIDADES	RECURSOS	AXENTES	TEMPORALIZ.
Reunión cos pais/nais	Charla- coloquio	Titoras	setembro
Detección de dificultades Inf 3 anos. * En 4 e 5 anos Alumnado de novo ingreso ou aqueles que amosasen dificultades nos niveis anteriores	Cuestionario de detección Observación na aula e observación de tarefas	Orientadora e Titora	Finais do 1º trimestre. Ó longo do curso
Probas para avaliar conceptos básicos en Inf de 5 anos.	Boehm	Orientadora e Titora	2º trimestre
Entrevista individuais	Guión	Titoras - Orientadora	Ao longo do curso previa cita
- Avaliacións Pedagóxicas - Avaliacións Psicopedagóxicas (se procede)	Boletíns trimestrais Informe pedagóxico Probas psicopedagóxicas. Observación	Profesorado do ciclo e Orientadora; Orientadora xunto ó profesorado que incide no alumno	-Avaliación inicial - Finais dos trimestres. -Xuño Ao longo do curso.
Actividades de intelixencia emocional e habilidades sociais.	Carpetas con actividades de distintas fontes.	Orientadora e Titoras.	Ao longo do curso
Inf familias alumnado novo do curso seguinte (4º Ed. Inf) :	Fotocopias con información. Guión reunión.	Profesorado que incide. Dirección.	Fotocopias en xuño Reunión en setembro

Educación Primaria

ACTIVIDADES	RECURSOS	AXENTES	TEMPORALIZACIÓN.
Información sobre o alumnado novo ao profesorado que cambia de grupo, ou que incorpora alumnado novo.	Información do D. de Orientación . Inf de titores/as do curso anterior.	Orientadora e titoras	Setembro
Información alumnado repetidor	Información D. Orientación	Orientadora e titores	Setembro
Avaliación curricular inicial.	Modelos de probas	Titores/as orientadora e	Setembro outubro
Avaliacións: inicial, trimestrais e final	Boletíns de notas. Informe de avaliación individualizado.	Profesorado orientadora. Coordina o titor/a	Finais de trimestre e de curso.
Elaboración de plans de reforzo para alumnado repetidor e alumnado con áreas suspensas.	Modelos plans	Titores. Profesores de área. Profesora PT. Orientadora	1º trimestre
Elaboración de adaptación curriculares se procede. *Está previsto estudar a conveniencia de 8 novas ACS	Modelos de ACS Curriculo de Infantil e Primaria	Titores, profesorado especialista, profesorado de apoio, orientadora.	1º trimestre.

Detección de dificultades de comprensión lectora	Probas ACL	Profesorado e Orientadora	2º,3º,4º,5º,6º , Segundo trimestre 1º EP: Terceiro trimestre
Actividades de intelixencia emocional e habilidades sociais	Carpetas con actividades de distintas fontes.	Orientadora e Titores -as	Ao longo do curso
Actividades de tipo cocoperativo.	Material do grupo de traballo do CEFORE.	Titores/as orientadora. e	Ao longo do curso
Avaliación psicopedagóxica, se procede	Observación Probas pedagógicas e test Rexistros	Orientadora e profesorado. Con coñecemento da familia.	Ao longo do curso
Entrevistas individuais	Folla resumo	Titores e profesor/a. Orientadora	Ao longo do curso Previa cita
Avaliación aptitudes 6ºEP	BADYG 3	Orientadora	2º trimestre
Coordinación co IES	Informes alumnado con necesidades específicas. Informes finais de etapa Resultados probas. Visita IES	Orientadora.	Reunións trimestrais. 2º trimestre 3º trimestre

Outras actividades do departamento

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Presentar á Xefatura de Estudos a proposta de organización da atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo	setembro

Elaborar o Plan anual de actividades do departamento de orientación	Setembro-outubro
Elaborar Concreción anual PXAD (Plan Xeral de Atención á Diversidade).	Setembro-outubro
Colaborar na solicitude de becas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.	setembro
Organización do Departamento: comprar, archivar, realizar inventario, levar un rexistro dos préstamos	Ao longo do curso
Recompilación e/ou elaboración de materiais	Ao longo do curso
Asistir as reunión de coordinación co IES Castelao ao que estamos adscritos	Alomenos 1 por trimestre.
Realización da memoria de fin de curso	Xuño

Cadro de actividades nas que colaboramos con outros organismos.

ORGANISMO	ACTIVIDADE	LUGAR E TEMPORALIZACIÓN
Cruz Vermella	Proxecto de Mediación Social e Apoio Escolar (para alumnado de familias en situación de desvantaxa social). Participan 15 alumnos/as.	No colexio. Luns e xoves de 16 a 17.30.
Secretariado Xitano	<u>Plan "Promociona"</u> : Participa un alumno . <u>Plan "Prepromociona"</u> : Participan 3 alumnos.	Local do Secretariado os mércores pola tarde. Coordinación no colexio.
ARELA	Programa Proinfancia	Local UTS Martínez Garrido. Posta en marcha no 1º trimestre. Seguemento ao longo do curso.

PLDA (Plan local de prevención de drogodependencias) Concello.	Obradoiros de Información-Sensibilización. Temas:: Que son as drogas? . Tabaco.Alcohol. Asertividade. Participa o alumnado de 6º de Ed. Primaria.	No colexio. 1 s/s durante catro semanas. No mes de febreiro. Os venres.
--	---	---

AVALIACIÓN DO PLAN

A valoración do Plan realizarase en función dos obxectivos e actividades propostas e farase referencia ao número e tipo de demandas.

Recollerase o grado de consecución das actividades programadas. Reflectiranse as conclusións na memoria de fin de curso.

Tamén se recollen datos do funcionamento do DO nos estadillos que pide a administración educativa a final de curso (Drdorienta).

Os datos obtidos da avaliación serán os que nos sirvan de punto de partida para a elaboración do plan do curso seguinte.

19. CONCRECIÓN ANUAL 2016/17 PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A presente concreción anual ten como referencia o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).

Non se modifican os apartados de obxectivos, identificación e valoración de necesidades e mecanismos de coordinación e colaboración.

Por non resultar redundantes incídese só nas partes teñen que ser actualizadas porque hai variacións.

- **Reforzo educativo**

Temos 9 alumnos repetidores para os cales hai que realizar plans de reforzo individualizados.

Ademáis hai 25 alumnos-as que promocionan con unha ou varias áreas suspensas que tamén precisan medidas de reforzo educativo.

Tamén hai alumnos que precisan esta medida a pesar de ter tódalas áreas aprobadas (por problemas de atención, razonamento lóxico-matemático, lectoescritura, etc.).

- **Exención temporal de avaliación en lingua galega.**

Pode optar a ela o alumnado que se incorpora ao sistema educativo de Galicia nos dous últimos cursos de E. Primaria procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro. No momento actual 5 alumnos.

- **Adaptacións curriculares significativas (ACS):**

No curso actual están previstas para 8 alumnos-as. Catro deles xa contaban con esta medida o curso pasado.

- **Apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL:**

A principio de curso contan con este apoio 45 alumnos/as (o 21% do alumnado total do centro). De Ed. Infantil 8 alumnos-as e o resto de Ed. Primaria.

Profesora de A.L.:

A inicios de curso reciben apoio 23 alumnos/as, dos cales 8 son de Ed. Infantil e 15 de ED. Primaria.

A maioría por dificultades de articulación. Un nº máis reducido presentan trastornos máis severos.

Imparte tamén talleres de estimulación da linguaxe oral nos grupos de Ed. Infantil. Os grupos subdivídense a fin de que tódolos nenos e nenas podan participar de forma activa e exercitar a expresión oral.

Profesora de P.T.

A principio de curso reciben apoio da profesora de PT 25 alumnos/as, todos de Ed. Primaria. A maioría presentan desfase curricular por distintos motivos (incorporación tardía ao noso sistema educativo ou dificultades específicas de aprendizaxe).

Realiza os apoios dentro das clases, excepto nos casos de alumnado que precisa adaptación curricular.

Aínda que se procurou non duplicar apoios hai catro alumnos/as que reciben

apoio das dúas profesoras polo seu tipo de problemática e/ou pola dificultade de organizar os horarios doutro xeito.

Segundo a evolución do alumnado e as necesidades que vaian xurdindo iranse realizando modificacións no horario.

Os profesores (titores e especialistas) adican entre todos un total de 17 sesións para apoio en Ed. Infantil e 22 sesións en Ed. Primaria.

▪ **Solicitud de becas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo:**

Solicitaronse para 9 alumnos-as que presentan necesidade específica de apoio educativo por discapacidade ou TDAH.

▪ **Solicitud de coidadora e de adaptacións de mobiliario:**

Realizouse a petición directamente a inspectora, e por indicación dela solicitamos a intervención do Equipo de Orientación Específico acompañada do informe psicopedagóxico.

SEGUIMIENTO DO PLAN.

A final de curso realizarase unha breve memoria que se incorporará á memoria do D. de Orientación e en consecuencia á memoria anual do Centro. Nela recollerase aspectos como:

- Coordinación entre o profesorado implicado na atención ao alumnado con n.e.e:
 - Na elaboración de horarios.
 - Na elaboración e seguimento de ACS e programas de reforzo.
 - Na elección e preparación de materiais para alumnado con n.e.e.
 - Grado de adecuación entre os recursos existentes e as necesidades.

A nivel cualitativo faranse constar as principais dificultades atopadas e, de selo caso, incluíranse propostas de mellora.

ROGRAMACIÓN DA ÁREA DE AUDICIÓN E LINGUAXE

Ver Anexo

20. PROGRAMACIÓN ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para este curso escolar o profesorado do Centro adscribirase ás diferentes actividades de formación nas súas distintas variedades que, desde os Centros de Formación e Recursos de Galicia e máis concretamente ao que estamos adscritos que é o de Vigo, ofertan na súa programación anual nos diferentes ámbitos competenciais.

21. CONCRECIÓNS CURRICULARES

As concrecións curriculares mediante as cales planificamos o proceso de ensinanza e aprendizaxe na aula é aberto, flexible e dinámico.

Figuran no ANEXO a este documento por Etapas e Niveis Educativos.